



## Concello de Ortigueira

### INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DO CONTRATO

**Expte: 771/2024**

**Contrato:** Concesión dos servizos de hostalaría e restauración vinculados ao Festival Internacional do Mundo Celta

De conformidade co artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) emítese o presente INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DO CONTRATO co fin de posibilitar a elaboración dos correspondentes pregos de condicións administrativas e técnicas.

#### 1.- OBXECTO E NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

##### OBXECTO

Concesión dos servizos de hostalaría e restauración vinculados ao desenvolvemento do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira , que comprende:

- Servizo de barras na zona de concertos (Alameda)
- Servizo de postos de restauración na zona do peirao
- Servizo de barras e restauración na zona de Morouzos

##### CÓDIGO CPV:

- Código CPV (para todos os lotes): 55100000-1 (servizos de hostalería).

##### XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

O Concello de Ortigueira ten atribuídas competencias en materia de Información y promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de promoción da cultura e equipamentos culturais , de acordo co artigo 25.2 h y m) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Este contrato responde ao interese do Concello de Ortigueira de seguir promovendo o Festival Internacional do Mundo Celta. O obxectivo e finalidade última deste evento é promover a música celta e a relación intercultural entre músicos e artistas de diferentes nacións, o desenvolvemento económico da comarca e a potenciación de Ortigueira como destino diferente.

O Festival Internacional do Mundo celta de Ortigueira, declarado de interese turístico internacional polo ministerio de Industria no ano 2005, é o mais importante de España nesta especialidade e o motor impulsor da economía e do coñecemento de Ortigueira por todo o mundo.

Para o adecuado desenvolvemento do Festival, resulta imprescindible a prestación de servizos complementarios de restauración e hostalaría para atender á demanda do público asistente, participantes e seguidores.

As prestacións deste contrato deben desenvolverse por empresas especializadas, ao carecer esta administración dos medios humanos e dos recursos técnicos suficientes e adecuados para iso.



## Concello de Ortigueira

### INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O Concello de Ortigueira non ten estrutura ni persoal suficiente para a prestación dos servizos de barras e restauración, e ademais non ten experiencia comercial ni de venda, polo que se estima o mais adecuado a concesión de servizos a empresas especializadas no sector, tratándose dun servizo susceptible de explotación comercial.

### 2.- LOTES

LOTES	DESCRIPCIÓN	CPV
Lote 1	Barras zona concertos (Alameda)	55100000-1
Lote 2	Postos de restauración zona do peirao	55100000-1
Lote 3	Barras e restauración zona de Morouzos	55100000-1

XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISION DO OBXECTO DO CONTRATO EN VARIOS LOTES  
Non procede.

### 3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN

TRAMITACIÓN : **Urxente**

- Xustificación: Resulta necesario acelerar a adxudicación do contrato dada a proximidade das datas de celebración do festival, e a necesidade de contar cos servizos complementarios de hostalería e restauración debidamente contratados co suficiente tempo de antelación de cara a garantir a correcta organización do festival. Non resultou posible realizar a tramitación do expediente con maior antelación dada a acumulación de tarefas existente e escaseza de persoal municipal nos departamentos de coordinación do Festival, Contratación e Intervención.

PROCEDEMENTO PROPOSTO: aberto

XUSTIFICACIÓN: procedemento ordinario

### 4.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

- Orzamento base de licitación (IVE incluído): 0€ (O contrato non implica gasto para a administración.)

VALOR ESTIMADO



## Concello de Ortigueira

TOTAL VALOR ESTIMADO INICIAL (ANOS 2024 E 2025): **242.976,18 €** (IVE excluído)

- Prórroga 2026: 121.488,09 €
- Prórroga 2027: 121.488,09 €

TOTAL VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: **485.952,36 €**

a) Desagregado por lotes:

- Lote 1: 328.522,36 € (Ive excluído)
- Lote 2: 45.584 € (Ive excluído)
- Lote 3: 111.846 € (Ive excluído)

Xustificación da estimación do valor: Importe estimado da cifra de negocio. Este importe é o que se estima que xerará a empresa concesionaria durante a execución do contrato, en base ao estudo económico realizado, tendo conta os datos dos contratos similares subscritos no exercicio de 2023.

### 5.- RÉXIME ECONÓMICO DA CONCESIÓN

RETRIBUCIÓN DO ADXUDICATARIO:

TARIFAS

Os usuarios do servizo (clientes finais) abonaran ao concesionario os prezos comerciais establecidos nos documentos contractuais.

CANON DA CONCESIÓN

A empresa concesionaria aboará ao Concello de Ortigueira, en concepto de canon concesional, as cantidades mínimas seguintes segundo os lotes:

Lote	Canon mínimo (sen IVE).
Lote 1	19.005 €
Lote 2	2.171 €
Lote 3	4.326 €

Dita canon poderá ser incrementado na oferta económica do contratista, como criterio de adjudicación do contrato.



## Concello de Ortigueira

### 6.- DURACIÓN DO CONTRATO

INICIAL: Dúas edicións (2024 e 2025) por un período de 4 días cada unha. A edición 2024 comprenderá do 11 ao 14 de xullo de 2024 ambos inclusive. A edición 2025 determinarase pola organización.

Prórroga. SI:

- Primeira prórroga: Edición 2026 (4 días)
- Segundo prórroga: Edición 2027 (4 días)

### 7.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS E GARANTÍAS

Prazo de presentación de ofertas: **13 días naturais**

Garantía provisional: Non se esixe

Garantía definitiva: SI: (art. 107.4 LCSP), correspondente ao 5% do valor estimado :

Lote	Garantía
Lote 1	5.000€
Lote 2	1.500€
Lote 3	1.500€

Garantía complementaria: NON

### 8.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA

#### SOLVENCIA

Conforme aos artigos 76 e seguintes da LCSP, os licitadores deberán estar en posesión das seguintes condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica:

- Económica e financeira:

De forma alternativa, por calquera dos seguintes medios:

- b) Volume de negocios: Declaración sobre o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos. Acreditarase alcanzar, nalgún dos tres últimos exercicios dispoñibles, un volume de negocios anual igual ou superior a unha vez e media o valor anual medio do/s lote/s aos que se opte.

Acreditarase mediante: Extracto da conta de perdas e ganancias das contas anuais dos 3 últimos exercicios concluídos, acompañada de declaración responsable do licitador acreditativa da veracidade dos datos achegados e a súa correspondencia exacta cos incorporados nas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo



## Concello de Ortigueira

---

Rexistro Mercantil. Deberán acompañar unha declaración responsable de licitador acreditativa da veracidade dos datos achegados e a súa correspondencia exacta cos libros e documentos legalizados polo Rexistro Mercantil.

- c) Seguro de indemnización por riscos profesionais: De conformidade co disposto no artigo 87 da LCSP e o artigo 11.4 a) do RXLCAP, a solvencia económica e financeira acreditarase cun compromiso vinculante de subscripción, no caso de resultar adxudicatario, dun seguro de indemnización por riscos profesionais por un importe non inferior a 300.000 euros por sinistro, así como aportar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

- Técnica:

Experiencia: Acreditarase cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos. Como mínimo o contratista deberá ter realizado traballos por importe de polo menos 70% da anualidade media do valor estimado do/s lote/s aos que se opte, nalgún dos anos comprendidos nese período.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

\*Conforme ao disposto no artigo 88.2 da LCSP, cando se trate dunha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a 5 anos, o empresario poderá acreditar a solvencia polos seguintes medios:

Titulacións en hostalaría do xerente da empresa ou empresario individual responsable da execución do contrato.

- Grao en turismo, ou similares.
- FP Ciclo medio: Cociña e restauración, o u similares.
- FP Ciclo superior: Dirección de servizos en restauración

CLASIFICACIÓN: Non procede

HABILITACIÓN PROFESIONAL: Para os lote 2 e 3, carné de manipulador de alimentos ou similar do persoal encargado da xestión.

### 9.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Criterios avaliados automaticamente por fórmulas:



## Concello de Ortigueira

---

### 1-Económicos:

#### a) Incremento do importe a aboar á administración en concepto de canon: ata 90 puntos

Para a valoración das ofertas a puntuación distribuirase de forma proporcional entre todas as ofertas presentadas e aceptadas, outorgándose 0 puntos á oferta que consigne un importe de canon de explotación igual ao mínimo esixido, e 90 puntos para a oferta que consigne o maior canon de maior importe.

As restantes ofertas valoraranse proporcionalmente, de acordo coa seguinte fórmula:

Puntuación oferta económica a valorar =  $90 \times (\text{canon a valorar} / \text{canon ofertado de maior contía})$ .

### 2. Cualitativos:

Melloras na prestación do servizo:

- Por disposición de vasos reciclables coa imaxe do Festival (imaxe proporcionada polo Festival)

O licitador que oferte a devandita mellora será avaliado con 10 puntos.

### 3.- Criterios de desempate

Será de aplicación o previsto no artigo 147.2 LCSP.

Para os efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

Se trala aplicación dos criterios anteriores persistira o empate procederase ao sorteo.

## PARÁMETROS TÉCNICOS A TER EN CONTA PARA VALORAR UNHA OFERTA COMO POTENCIALMENTE ANORMAL OU TEMERARIA

Nesta contratación dada a natureza do contrato e o sistema de prezos, non proceden.

### MESA DE CONTRATACIÓN

Presidente: Concelleiro delegado en materia de Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural

Suplente: Concelleira delegada en materia de Turismo e Patrimonio.

Vogais:

1º Secretario xeral Javier Lopez Mera ou quen legalmente o substitúa

2º Interventora municipal Silvia Lamelas Soto ou quen legalmente a substitúa.

3º Titular: Alberto Balboa Rodriguez, funcionario coordinador do Festival.

Suplente Dámaso Pico Balsa, técnico de medio ambiente.





## Concello de Ortigueira

---

Secretaría:

Titular: María Luisa Sierra Vale, funcionaria administrativa

Suplente: Eulalia Iglesias Braña, funcionaria administrativa

### 10.- ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA EXECUCIÓN

#### UNIDADE TECNICA DE SEGUIMENTO E RESPONSABLE DO CONTRATO

Departamento do Festival de Ortigueira.

Responsable: Director – Coordinador do Festival.

#### CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

A promoción da reciclaxe de produtos. Para os efectos da xustificación polo contratista da promoción da reciclaxe de produtos, deberá achegarse á súa finalización a documentación xustificativa correspondente

Os gastos derivados da realización da condición especial da execución establecido nesta cláusula serán a cargo exclusivo do contratista

Xustificación: Considérase adecuada ao obxecto do contrato a promoción da reciclaxe de produtos no proceso de execución.

PRAZO DE GARANTÍA: Un ano.

PREVISIÓN DE SUPOSTOS DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO: NON

ADSCRICIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS ESPECÍFICOS: NON

CONDICIÓNS DE SUBCONTRATACIÓN.

- Obriga de indicar na oferta a parte do contrato que os licitadores teñan previsto subcontratar: SI
- Tarefas críticas que non admiten subcontratación: De acordo co establecido no artigo 296 LCSP no contrato de concesión de servizos, a subcontratación só poderá recaer sobre prestacións accesorias. O concesionario deberá exercer directamente a actividade obxecto da concesión, con medios e persoal propio, non podendo subrogala ou cedela a terceiros, sen autorización expresa da administración e cumprindo as condicións previstas na LCSP. Unicamente caberá a subcontratación de tarefas accesorias ou complementarios (montaxe de carpas ou instalacións, subministracións, alugueiro de material, etc.)

Documento asinado electronicamente

